

## CONCELLO DE CARBALLO

C.I.F.: P1501900C  
Praza do Concello S/N  
Teléfono 981 70 41 00  
www.carballo.gal  
infocarballo@carballo.gal  
15100 CARBALLO  
A Coruña



**Acta número 2 do tribunal cualificador para a provisión, en réxime de duración determinada mediante un contrato para a mellora da ocupabilidade e a inserción laboral dunha praza de docente para impartir a acción formativa “Operacións auxiliares de montaxe de instalacións electrotécnicas e de telecomunicacións en edificios” correspondente ao Plan Formativo para o Emprego da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2022 e 2023 (2ª convocatoria). Resolución de alegacións á fase de concurso.**

**Alegante:** D. Evaristo Bermúdez Tajés

**Resolución:** Desestimación da alegación e ratificación das puntuacións acordadas na primeira xuntanza do tribunal

**Xustificación:** O tribunal acorda desestimar a alegación presentada por D. Evaristo Bermúdez Tajés de acordo cos seguintes criterios:

- 1) Como recolle numerosa xurisprudencia (por todas, sentenza do Tribunal Supremo de 22 de abril de 1993), as bases dos procesos de selección de persoal constitúen a particular lei do procedemento, e supoñen o marco normativo de acatamento.
- 2) As bases do actual proceso selectivo non foron alegadas por ningunha das persoas aspirantes.
- 3) Respecto da capacidade profesional, as bases recollen que *“serán así mesmo admitidos/as os/as aspirantes que, carecendo de calquera das titulacións relacionadas neste apartado, acrediten cinco anos de experiencia no ámbito de cada módulo formativo”*. Pero, no caso que nos ocupa, non se trata de que o aspirante careza da titulación requirida, suposto no que entraría operativo o principio de poder aceptar como acreditación os cinco anos de experiencia; o aspirante posúe esa titulación de acceso, pero pide que non se teña en conta como requisito e que se bareme como mérito. Pero non é esta a literalidade das bases do proceso selectivo, que abren esta opción para aqueles casos de carencia de titulación (que se substituiría por maior experiencia), mais non a contemplan para permitir unha ou outra baremación a conveniencia da persoa interesada.

Carballo, 19 de xaneiro de 2023

Vítor Recarei Añón

Secretario do Tribunal